

Defensa das humanidades

Con formas de coñecemento



ROMÁN RAÑA

O noso é un país de moitos premios aínda que, quizais, de poucos recoñecementos. Xavier Seoane é coñecido e recoñecido como un poeta destacado da xeración dos oitenta, mais o seu contributo ao ensaio humanístico aínda non foi nin é suficientemente valorado. Xa no seu primeiro libro de ensaios, *Atravesar o espello* (1999), facía unha diagnose lúcida do peso da cultura nas sociedades industrializadas e no capitalismo rampante en que vivimos. O seu segundo volume, *O sol de Homero* (2002), era un marabilloso alegato a prol da poesía, buscándolle un lugar no mundo e nas consciencias, procurando a súa razón de ser e o seu cerne constitutivo. Tratábase, sen dúbida, dunha das máis fermosas empresas literarias realizadas por un poeta da nosa Terra na indagación sobre o feito poético. Agora tócalle o turno a *Saudar a vida*, a terceira entrega dese longo périplo reflexivo que o autor emprendeu hai xa máis dunha década.



O presente volume, escrito cunha prosa magnífica e precisa, está dividido en dúas seccións. Na primeira, “Pervivencia e ventura do soño humanístico”, explórase a historia e a continuidade do concepto do humanismo desde o seu nacemento histórico até aos nosos días.. Se o renacer cultural do humanismo ten o seu alicerce na expansión do universo de Gutenberg e no estudo das linguas clásicas con toda a súa infinda cultura detrás, a segunda sección do libro, “O espertar vigoroso da ciencia e da tecnoloxía”, presenta aos nosos ollos os perigos, as dicifultades e as contundentes ameazas que os continuos avances científico-tecnolóxicos entrañan contra esa sabedoría inmemorial.

Aquí o noso autor razoa apaixonadamente contra a desaparición dese mundo de saber inmaterial, contra os riscos dunha sociedade inundada de saberes específicos e fragmentarios, que pode perder pé ou o fío de Ariadna que conduce, no labirinto cósmico, á nosa felicidade. Porque o mundo das artes, das ideas, do espírito, completa o noso ser, expándeo alén do material. A maxia e a poesía tamén son formas de coñecemento. Esa realidade simbólica, ese mundo de soños de que estamos feitos, pervive alén de nós e da mazá que cae da árbore para espertarnos do noso longo sono.

SEOANE, Xavier, *Saudar a vida*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 291 páxinas.